



Proba de

Código

CSPEA05

Filosofía e cidadanía

Filosofía e cidadanía



1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- Puntuación: 0'5 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0'125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de: 60 minutos.



2. Exercicio

1. A chamada “teoría sintética” da evolución biolóxica:

La llamada “teoría sintética” de la evolución biológica:

- A** Contradí a teoría de Darwin.
Contradice la teoría de Darwin.
- B** Defende a teoría de Lamarck.
Defiende la teoría de Lamark.
- C** Perfecciona e complementa a teoría de Darwin.
Perfecciona y complementa la teoría de Darwin.

2. A expresión “proceso de hominización” expresa:

La expresión “proceso de hominización” expresa:

- A** As transformacións anatómicas e biolóxicas que deron lugar á aparición da especie humana.
Las transformaciones anatómicas y biológicas que dieron lugar a la aparición de la especie humana.
- B** Os cambios e as conquistas culturais que acumulou a especie humana.
Los cambios y las conquistas culturales que acumuló la especie humana.
- C** A conquista e a colonización de todo o planeta por parte da especie humana.
La conquista y la colonización de todo el planeta por parte de la especie humana.

3. Denomínase “etnocentrismo” a actitude consistente en:

Se denomina “etnocentrismo” la actitud consistente en:

- A** Soster que todas as culturas son relativas e, xa que logo, igualmente válidas.
Sostener que todas las culturas son relativas y, por consiguiente, igualmente válidas.
- B** Criticar a cultura propia.
Criticar la cultura propia.
- C** Considerar a cultura propia como máis axeitada e, por tanto, superior ás demais.
Considerar la cultura propia como más adecuada y, por tanto, superior a las demás.



4. Os símbolos son:

Los símbolos son:

- A** Signos que representan en virtude da súa semellanza coa cousa representada.
Signos que representan en virtud de su semejanza con la cosa representada.
- B** Signos que representan por convención ou acordo entre os seus usuarios.
Signos que representan por convención o acuerdo entre sus usuarios.
- C** Sinais naturais.
Señales culturales.

5. As conclusións dun razoamento indutivo:

Las conclusiones de un razonamiento inductivo:

- A** Son máis amplas que o número de observacións das que se parte.
Son más amplias que el número de observaciones de las que se parte.
- B** Son menos amplas que o número de observacións das que se parte.
Son menos amplias que el número de observaciones de las que se parte.
- C** Fanse por pura lóxica, á marxe dos casos observados.
Se hacen por pura lógica, al margen de los casos observados.

6. Nun razoamento dedutivo, se os enunciados dos que se parte son verdadeiros, a conclusión:

En un razonamiento deductivo, si los enunciados de los que se parte son verdaderos, la conclusión:

- A** Ten a mesma probabilidade de ser verdadeira que falsa.
Tiene la misma probabilidad de ser verdadera que falsa.
- B** Ha ser necesariamente verdadeira.
Será necesariamente verdadera.
- C** É moi probable que sexa verdadeira, pero non é seguro.
Es muy probable que sea verdadera, pero no es seguro.



7. Na linguaxe da filosofía moral, a expresión “uso práctico” ou “función práctica” da racionalidade significa:

En el lenguaje de la filosofía moral, la expresión “uso práctico” o “función práctica” de la racionalidad significa:

- A** Aclarar, explicar e coñecer o mundo circundante.
Aclarar, explicar y conocer el mundo circundante.
- B** Pór en práctica calquera teoría.
Poner en práctica cualquier teoría.
- C** Orientar os fins e as decisións nas accións humanas.
Orientar los fines y las decisiones en las acciones humanas.

8. Os mitos presupoñen:

Los mitos presuponen:

- A** Que hai unha regularidade e secuencia causal nos fenómenos da natureza.
Que hay una regularidad y secuencia causal en los fenómenos de la naturaleza.
- B** Que se pode explicar e comprender racionalmente a natureza.
Que se puede explicar y comprender racionalmente la naturaleza.
- C** Que a natureza é gobernada por forzas sobrenaturais imprevisibles para os humanos.
Que la naturaleza es gobernada por fuerzas sobrenaturales imprevisibles para los humanos.

9. As ciencias empíricas da natureza utilizan o método:

Las ciencias empíricas de la naturaleza utilizan el método:

- A** Axiomático-indutivo.
Axiomático-inductivo.
- B** Axiomático-dedutivo.
Axiomático-deductivo.
- C** Hipotético-dedutivo.
Hipotético-deductivo.



10. Para que unha hipótese científica quede rexeitada (“falsada”):

Para que una hipótesis científica quede rechazada (“falsada”):

- A** É suficiente que un só caso a contradiga.
Es suficiente que un solo caso la contradiga.
- B** Cómpre que todos os casos observados a contradigan.
Es preciso que todos los casos observados la contradigan.
- C** É necesario que máis dun caso observado a contradiga.
Es necesario que más de un caso observado la contradiga.

11. A autonomía moral consiste en:

La autonomía moral consiste en:

- A** Tomar as decisións de acordo coas normas existentes na propia sociedade.
Tomar las decisiones de acuerdo con las normas existentes en la propia sociedad.
- B** Actuar de acordo con criterios nacidos da racionalidade propia e persoal.
Actuar de acuerdo con criterios nacidos de la racionalidad propia y personal.
- C** Actuar segundo os criterios dos que saben máis e están máis instruídos.
Actuar según los criterios de los que saben más y están más instruidos.

12. Desde o punto de vista moral, nas primeiras etapas de vida somos:

Desde el punto de vista moral, en las primeras etapas de vida somos:

- A** Inevitabilmente heterónomos.
- B** Suficientemente autónomos.
- C** Plenamente autónomos.

13. As teorías éticas que acentúan máis o deber con relación aos outros que a felicidade da persoa denomínanse:

Las teorías éticas que acentúan más el deber con relación a los otros que la felicidad de la persona se denominan:

- A** Teleolóxicas.
Teleológicas.
- B** Deontolóxicas.
Deontológicas.
- C** Estoicas.
Estoicas.



14. As teorías éticas formais céntranse nomeadamente en:

Las teorías éticas formales se centran fundamentalmente en:

- A** Definir o que debemos facer.
Definir lo qué debemos hacer.
- B** Concretar en que consiste a xustiza.
Concretar en qué consiste la justicia.
- C** Definir como debemos actuar.
Definir cómo debemos actuar.

15. As principais teorías éticas modernas tratan de:

Las principales teorías éticas modernas tratan de:

- A** Centrarse no ideal de felicidade persoal, por riba de calquera outra consideración.
Centrarse en el ideal de felicidad personal, por encima de cualquier otra consideración.
- B** Combater o estilo de vida hedonista con máis austeridade.
Combatir el estilo de vida hedonista con más austeridad.
- C** Facer compatible a procura de felicidade individual co deber de xustiza social.
Hacer compatible la búsqueda de felicidad individual con el deber de justicia social.

16. A idea de “estado de natureza” é:

La idea de “estado de naturaleza” es:

- A** Un esquema ou unha hipótese para xustificar e analizar o Estado moderno.
Un esquema o una hipótesis para justificar y analizar el Estado moderno.
- B** Un xeito de describir a orixe divina do poder político.
Una manera de describir el origen divino del poder político.
- C** A descrición dunha situación que se pode dar dentro dun Estado.
La descripción de una situación que se puede dar dentro de un Estado.

17. O “Estado de Dereito” consiste en:

El “Estado de Derecho” consiste en:

- A** Que se aplique ben o dereito que existe nun Estado.
Que se aplique bien el derecho que existe en un Estado.
- B** Que o propio Estado estea regulado polo dereito e se someta a el.
Que el propio Estado esté regulado por el derecho y se someta a él.
- C** Que os xuíces sexan xustos.
Que los jueces sean justos.



18. A teoría da orixe divina do poder político perde sentido:

La teoría del origen divino del poder político pierde sentido:

- A** Coa aparición da sociedade estamental.
Con la aparición de la sociedad estamental.
- B** Coa implantación da monarquía absoluta.
Con la implantación de la monarquía absoluta.
- C** Coas teorías do contrato social.
Con las teorías del contrato social.

19. A concepción liberal da cidadanía:

La concepción liberal de la ciudadanía:

- A** Dálle moita importancia ao compromiso do cidadán coa vida comunitaria.
Le da mucha importancia al compromiso del ciudadano con la vida comunitaria.
- B** Acentúa a defensa dos dereitos e das liberdades individuais.
Acentúa la defensa de los derechos y de las libertades individuales.
- C** Acentúa a idea de nación.
Acentúa la idea de nación.

20. O fundamento filosófico moderno da condición de cidadán baséase:

El fundamento filosófico moderno de la condición de ciudadano se basa:

- A** Na fraternidade universal, por ser todos “fillos de Deus”.
En la fraternidad universal, por ser todos “hijos de Dios”.
- B** Na orixe familiar de cadaquén.
En el origen familiar de cada uno.
- C** No feito de que todo ser humano é racional e autónomo para dirixir a súa vida.
En el hecho de que todo ser humano es racional y autónomo para dirigir su vida.